


Exercicios repaso

1. A comezos dos anos sesenta os científicos, explorando as profundidades submarinas, descubriron que as rochas que constitúen o fondo oceánico tiñan unha distribución moi característica.

A seguinte figura mostra o patrón de distribución desas rochas (coa súa idade en millóns de anos) a ambos os dous lados da cordilleira submarina que está situada ao sur de Islandia.



- Como **explicarías a distribución das rochas**? Utiliza para a túa explicación a terminoloxía axeitada.

2. Indica se as seguintes frases son falsas ou verdadeiras. Transforma as falsas en verdadeiras. (1 punto)

1. A descontinuidade de Mohorovicic marca o límite entre a mesosfera e a endosfera.

2. O codia continental é máis densa que a ócenica.

3. A hipótese de Wegener foi amplamente aceptada xa que explicaba perfectamente as forzas que causaban o desprazamento dos continentes.

4. A superficie do planeta aumenta, xa que nas dorsais formase fondo oceánico continuamente.


5. A maior parte da actividade xeolóxica do planeta está asociada a bordes entre as placas.

3. Na imaxe mostrase un tipo de borde entre placas,

a) De que tipo se trata?

b) Que representa o número 1? Que fenómenos se producen asociados a el?

c) Que estrutura representa o número 2? Indica a unha zona do planeta na que se este producindo este fenómeno.



4. Le o texto e contesta as preguntas.

A falla de Santo André atópase ao Oeste dos Estados Unidos e constitúe o límite entre a placa Pacífica e unha parte da placa Norteamericana. Discorre case paralela a costa, ao longo de 950 km. O bloque occidental, correspondente ao Pacífico, avanza ao longo da falla cara ao Noroeste, respecto ao bloque oriental, uns 5 cm por ano.

A falla está actuando dende hai millóns de anos e sábese que nos últimos 150 millóns de anos se produciu un desprazamento lateral de 560 km.

Ao longo da falla prodúcense anualmente arredor de 300 terremotos de pequena intensidade.

a) De que tipo de bordo se trata? Razoa a resposta.

b) Os terremotos producidos, terán o seu hipocentro profundo ou superficial? Por que?

5. Segundo o ciclo de Wilson, indica como é probable que evolucionen as seguintes zonas do planeta:

a) O Mar Vermello

b) Océano Pacífico

c) O Himalaia

d) Rift Valley


6. a) Explica brevemente as probas que aportou Wegener para a deriva continental.

b) Por que non se aceptou a súa hipótese?

7. Indica as principais diferenzas entre a deriva continental de Wegener e a teoría da tectónica de placas.

8. Que son os métodos de estudio directos do interior do planeta? E os indirectos? Pon un exemplo de cada un e explícao brevemente.

9. 1. Na gráfica mostrase o comportamento das ondas sísmicas nun planeta hipotético:



a) Cal das liñas representa as ondas P? e cal as S? Razoa a resposta.

b) Cantas capas ten o planeta? Razoa a resposta

c) Pensas que algunha capa se atopan os materiais en estado fluído? Por que?